

# PREVENCIÓN DE RISCOS LABORAIS NA MONTAXE E DESMONTAXE DE ESCENARIOS



## RISCO DE EXPOSICIÓN A RUÍDO EN EVENTOS E ESPECTÁCULOS

### LEMBRA

- ▶ A partir dunha dose diaria de 80 dB(A) comeza a haber risco de perda de audición e é necesario actuar para reducir a dose.
- ▶ A partir dunha dose diaria de 85 dB(A) é obrigatorio o uso de protección auditiva.
- ▶ Nunca se debe superar a **dose diaria establecida como valor límite de 87 dB(A)** tendo en conta a protección que proporcionan os protectores auditivos.
- ▶ A dose pódese reducir baixando o nivel de ruído e tamén diminuíndo o tempo de exposición.
- ▶ Niveis elevados de ruído durante pouco tempo poden facer xa que se supere a dose diaria.

### ▶ TEMPO NECESARIO PARA ACADAR O VALOR LÍMITE

Nivel de ruído medio existente en dB(A)	Tempo de exposición
87	8 horas
89	5 horas
90	4 horas
92	2 ½ horas
93	2 horas
96	1 horas
99	½ hora
102	¼ hora

Nivel de ruído medio existente en dB(A)	Tempo de exposición
105	7 ½ minutos
109	3 minutos
112	1 ½ minutos
114	1 minuto
117	½ minuto
120	15 segundos
125	5 segundos
130	1 segundo

#### FASES / NIVEIS DE EXPOSICIÓN

- Durante as tarefas de montaxe e desmontaxe: entre 80 e 85 dB(A)
- Nas probas de son: entre 90 e 100 dB(A)
- Nos espectáculos en directo: entre 98 e 120 dB(A)

